



## CONCELLO DE NIGRÁN

Praza da Constitución, 1  
Nigrán (Pontevedra) CP: 36350  
Telf. 986 365 000 Fax: 986 383 931  
[www.nigran.es](http://www.nigran.es) / [info@nigran.org](mailto:info@nigran.org)

### ANUNCIO

**Expte.:** 2023003853Sv  
**Departamento:** Secretaría  
**Asunto:** Consulta pública previa ao procedemento para a modificación núm. 2 da Ordenanza municipal de convivencia cidadá e ornato público do Concello de Nigrán

O art. 133 da Lei 29/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas establece que con carácter previo á elaboración dos proxectos ou anteprojectos de Lei ou Regulamentos substanciarase unha consulta pública para obter a opinión dos suxeitos e das organizacións mais representativas potencialmente afectados pola futura norma. Igualmente, de conformidade co punto 2º do precepto citado esta consulta pública non resulta precisa cando a proposta no teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia.

Tendo intención o goberno municipal de tramitar unha segunda modificación da Ordenanza municipal de convivencia cidadá e ornato público do Concello de Nigrán coa finalidade de mellorar a regulación do presenza de animais nos espazos públicos, considérase oportuno e conveniente realizar unha consulta pública para enriquecer a proposta coas diversas opinións da veciñanza.

#### **1. Problemas que se pretende solucionar coa modificación normativa:**

Varios colectivos teñen amosado a súa desconformidade coa vixente regulación da presenza de animais nas praias do municipio, pretendendo que se estableza unha tolerancia durante o período vacacional en horario nocturno (de 22:00h a 9:00h).

#### **2. Necesidade e oportunidade da súa aprobación**

Entendendo que as pretensións dos colectivos mencionados resultan razoables e poden ter encaixe dentro do cambio de paradigma introducido pola Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, considérase conveniente iniciar un procedemento tendente á modificación da Ordenanza.

#### **3. Obxectivos da modificación:**

Regular dun xeito mais adecuado a presenza dos animais nos espazos públicos.

#### **4. Posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias.**

Non se aprecia ningunha, conta tida da vixente regulación establecida na Ordenanza.

Os cidadáns e organizacións mais representativas que se consideren afectados potencialmente pola modificación proposta poderán achegar as súas opinións sobre as condicións establecidas anteriormente ata o día 15 de agosto de 2023, a través de instancia ou escrito presentado no rexistro xeral municipal ou na sede electrónica do Concello de Nigrán ([sede.nigran.org](http://sede.nigran.org)).

O Alcalde,

